

UGT E CCOO REAFIRMAN A SÚA TOTAL CONDENA DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

As confederacións sindicais da **Unión Xeral de Traballadores e de Comisións Obreiras** queremos facer un chamamento este **25N de 2019** ás traballadoras e os traballadores e á cidadanía en xeral, para que se sumen á denuncia e repulsa da violencia machista nas súas múltiples expresións. Unhas violencias contra as mulleres perpetradas por aqueles que queren impedir e/ou menoscar o dereito fundamental á igualdade entre mulleres e homes, que supoñen a máis extrema manifestación de desigualdade e discriminación ás mulleres e que, sobre todo, constitúen unha violación dos seus dereitos humanos fundamentais, como son o dereito a unha vida segura, digna, autónoma, cuestionando os dereitos e liberdades de todas as mulleres e despoñendo do dereito á vida a miles delas.

CCOO e UGT denunciaremos o estancamento e incluso a regresión da idea ou o concepto da violencia contra as mulleres, negacionismo alentado desde as comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular e os seus socios indispensables VOX e Ciudadanos. Non se trata de accións esporádicas ou de comentarios de persoas desinformadas. Son actuacións calculadas, estratéxicas e manipuladoras para impedir que a maior parte da poboación, as mulleres, gocen dos mesmos dereitos ca os homes.

UGT e CCOO consideramos moi alarmantes as incesantes cifras de asasinatos, o alto número de denuncias por violencia de xénero, así como o aumento exponencial das denuncias por abusos, agresións sexuais e violacións.



1027 mulleres asasinadas por violencia de xénero desde 2003; e ata o 31 de outubro de 2019, foron asasinadas 51 mulleres

Resulta alarmante o alto número de denuncias por violencia de xénero: 166.961 en 2018, unha cifra superior á do ano anterior. E a cifra oficial de mulleres vítimas de violencia de xénero, agredidas pola súa parella ou exparella, ascendeu a 158.590. No 1º semestre de 2019; levamos xa 77.342 mulleres acreditadas como vítimas de violencia de xénero e emitíronse 23.171 ordes de protección. Resulta alarmante o alto número de ordes de protección denegadas, un 28,6% das incoadas no 1º trimestre e un 32% no 2º trimestre, xa que é un requisito para activar medidas de prevención, asistencia e acceso a dereitos.

Ademais, segundo os anuarios do Ministerio do Interior nos que se recollen cifras sobre delitos contra a liberdade sexual, en 2018 as denuncias por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual ascenderon a 13.811 (un 18,1% máis que no 2017), das que 1.702 foron violacións (un 22% máis que en 2017), é dicir 5 violacións cada día.

CCOO e UGT manifestamos a nosa indignación ante a recente sentenza da Audiencia de Barcelona, que condena por abuso sexual cinco homes que violaron

por quendas unha nena de 14 anos en Manresa. Cómpre unha modificación do Código Penal que elimine a figura do abuso sexual e considere violación toda agresión sexual sen consentimento.

O Pacto de Estado en materia de violencia de xénero aprobado en 2017, dous anos despois da súa aprobación, revélase insuficiente e ineficaz. Pedimos ao novo Goberno que xurda das eleccións do 10N que destine todos os esforzos e recursos necesarios, incluídos os orzamentarios, coa prioridade e contundencia que require atallar un problema social desta magnitude.

Instamos o novo Goberno a activar todos os mecanismos e recursos necesarios para mellorar a protección e tutela xurídica e institucional das vítimas e a aplicación do **Convenio de Istambul** (2011) sobre prevención, asistencia integral ás vítimas e loita contra “todos” os tipos de violencia contra as mulleres, sexan de carácter sexual, laboral, institucional, económico, acoso sexual ou outras violencias inflixidas pola parella ou exparella.

En xuño deste ano aprobouse, na Conferencia da Organización Internacional do Traballo (OIT) convocada en Xenebra, o Convenio 190 sobre a violencia e o acoso no mundo do traballo. O preámbulo dese convenio recoñece que a violencia e o acoso no mundo do traballo afectan á saúde psicolóxica, física e sexual das persoas, á súa dignidade e ao seu ámbito familiar e social, constitúe unha violación ou un abuso dos dereitos humanos e son unha ameaza para a igualdade de oportunidades, amais de inaceptables e incompatibles co traballo decente. E tamén recoñece como ámbito de aplicación os espazos privados cando son o lugar de traballo.

En xuño de 2011, a OIT aprobou o Convenio 189 sobre o traballo decente para os traballadores e traballadoras domésticas, que recolle que “deberán adoptarse medidas para asegurar que os traballadores e traballadoras domésticas gocen dunha protección efectiva contra toda forma de abuso, acoso e violencia”.

De todas as traballadoras susceptibles de sufrir acoso sexual e violencia no traballo, as máis expostas son as que teñen peores condicións laborais, e de todas elas, as traballadoras do servizo doméstico. Talvez sexa nos domicilios privados onde maior número de abusos e acoso sexual se cometa e onde existe unha maior dificultade para denuncialo. Arredor do 15% dos fogares españois contan con servizo doméstico.

UGT e CCOO esixímoslle ao novo Goberno que ratifique os Convenios 189 e 190 da OIT, para protexer do acoso sexual, abusos sexuais e atentados contra a dignidade a todas as traballadoras, en especial ás máis vulnerables. E que traslade ao Parlamento un proxecto de lei con definicións claras e sancións efectivas, para quen atente contra a dignidade física e psíquica das mulleres polo feito de selo.

CCOO e UGT reclamamos que se redobren os esforzos por parte de Goberno e empresarios para o fo-

mento do emprego e a mellora dos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas da violencia de xénero.

En 2018, o ano en que maior número de contratos bonificados se realizaron, 1075, segue sendo insuficiente se se ten en conta o número de vítimas de violencia de xénero con necesidades de emprego.

O exíguo número de contratos de substitución pon de manifesto que se trata dunha medida que non está funcionando axeitadamente: en 2018 só se realizaron 313 contratos de substitución.

O Programa de Inserción Sociolaboral para Vítimas de Violencia de Xénero, aprobado en 2008, apenas se desenvolveu e o último Informe Anual de Seguimento deste plan corresponde ao ano 2014. Recóllese neste informe que nese ano 264 039 mulleres foron perceptoras da renda activa de inserción, das que unhas 34 550 (o 13,09%) eran vítimas de violencia. É urxente e necesario coñecer a cobertura, seguimento e alcance deste programa, con datos actualizados, así como contribuír á súa mellora e eficacia desde o Diálogo Social.

Por todo isto, CCOO e UGT:

- **Instamos os distintos Gobernos, autoridades e organismos europeos e internacionais, e de maneira especial o Goberno central, a que atendan os compromisos do Convenio de Istambul (2011), así como os obxectivos da Axenda 2030 de Nacións Unidas, que sitúan a igualdade de xénero e o apoderamento de mulleres e nenas no centro do desenvolvemento sostible. E reclamámoslle ao Goberno a ratificación dos Convenios 189 e 190 da OIT.**
- **Esiximos tolerancia cero fronte á violencia de xénero, sumámonos a loitar pola erradicación de todo tipo de condutas de violencia contra as mulleres e pola mellora dos seus dereitos e da súa protección, entendendo que debemos denunciar e participar activamente contra a terrible situación que sofren as mulleres a mans das súas parellas e exparellas, o acoso sexual, o acoso por razón de sexo no traballo, incluído o acoso por internet.**
- **E esiximos que se actúe coa maior celeridade posible sobre as causas e as aterradoras consecuencias que eses ataques carreen á seguridade, a saúde, a integridade física e psíquica, a dignidade e a vida persoal e laboral das mulleres.**

UGT E CCOO REFORZAREMOS:

- **A acción sindical, a formación e a sensibilización para alcanzar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no ámbito laboral.**
- **A inclusión de protocolos de actuación nas empresas, fronte a casos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.**
- **A atención xurídica ás vítimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo no ámbito laboral.**
- **A negociación colectiva con medidas de acción positiva, os plans de igualdade para difundir e mellorar os dereitos laborais e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**
- **A nosa colaboración e actuación coas organizacións competentes (Administracións públicas, asociacións de mulleres, etc.) para erradicar todo tipo de violencia contra as mulleres.**



COMISIONES OBRERAS e a UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES chamamos á participación nas distintas MOBILIZACIÓNS que convoquen o conxunto de organizacións de mulleres, sociais e sindicais, para manifestarmos o noso compromiso e repulsa contra todo tipo de violencia contra as mulleres